

Decreto 324/1996, do 26 de xullo, polo que se aproba o Regulamento orgánico dos institutos de educación secundaria (DOG 09-08-96).

TÍTULO I
Disposicións preliminares

Artigo 1º

1. Os institutos de educación secundaria, dependentes da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, son centros docentes públicos que poderán impartir unha ou varias etapas das ensinanzas de educación secundaria.

2. Cando o presente regulamento se refire ás distintas etapas da educación secundaria debe entenderse que as etapas son, indistintamente, a educación secundaria obrigatoria, o bacharelato e os ciclos formativos de formación profesional de grao medio, así como os ciclos formativos de grao superior.

3. A creación e supresión dos institutos ós que se refiren os apartados anteriores correspóndelle ó Goberno da Xunta de Galicia mediante decreto, por proposta do conselleiro de Educación e Ordenación Universitaria.

Artigo 2º

Os institutos específicos de formación profesional de grao superior, a escola de conservación e restauración de bens culturais, o instituto galego de educación secundaria a distancia, as escolas oficiais de idiomas, as escolas de artes aplicadas, os conservatorios de música ou danza e calquera outro centro de características especiais rexerese por este regulamento e polas normas singulares que demanden as súas peculiaridades organizativas.

Artigo 3º

1. Os institutos de educación secundaria dependentes da Consellería de Educación e Ordenación universitaria terán a denominación xenérica de «institutos de educación secundaria» e a específica que aprobe a dita consellería por proposta do Consello Escolar.

2. Non poderán existir, na mesma localidade, institutos de educación secundaria coa mesma denominación específica.

3. Tódolos institutos utilizarán a denominación xenérica en lingua galega nos seus letreiros, impresos e selos, e, en xeral, sempre que se utilice o nome do centro.

4. En tódolos institutos figurará na fachada do edificio, en lugar visible, un letreiro co escudo de Galicia e as expresións: «Xunta de Galicia», «Consellería de Educación e Ordenación Universitaria» e a denominación do

instituto.

Tamén poderá figura-lo escudo e o nome do concello no que estea situado o centro.

TÍTULO II

Órganos de goberno dos institutos de educación secundaria

Capítulo I Disposicións xerais

Artigo 4º

1. Os institutos de educación secundaria terán os seguintes órganos de goberno:

a) Unipersoais: director ou directora, xefe ou xefa de estudos, secretario ou secretaria, ou, de se-lo caso, administrador ou administradora.

b) Colexiados: Consello Escolar e claustro de profesores.

2. Establecerase a figura do vicedirector ou vicedirectora como órgano de goberno unipersoal naqueles institutos que contén con dúas etapas educativas completas.

3. Establecerase a figura do xefe ou xefa de estudos de nocturno como órgano de goberno unipersoal naqueles centros que impartan ensinanzas deste réxime.

Artigo 5º

A participación do alumnado, pais, nais ou titores legais, profesorado, persoal de administración e servizos e representante do concello na xestión dos centros realizarase a través do Consello Escolar, sen prexuízo das funcións propias do claustro de profesores, consonte o previsto na Lei orgánica 9/1995, do 20 de novembro, da participación, avaliación e goberno dos centros públicos e neste Regulamento orgánico dos institutos de educación secundaria.

Artigo 6º

1. Os órganos de goberno velarán pola efectiva realización dos fins da educación, pola mellora da calidade do ensino e a configuración dun auténtico ensino galego, con total respecto ós principios e valores a Constitución española e do Estatuto de autonomía de Galicia.

2. Ademais, no ámbito da súa competencia, garantirán o exercicio dos dereitos recoñecidos ó alumnado, profesorado, pais e nais de alumnos e persoal da administración e servizos. Así mesmo, favorecerán a participación efectiva de tódolos membros da comunidade educativa na vida do centro, na súa xestión e avaliación.

Capítulo II

Órganos unipersoais de goberno, elección, nomeamento e competencias dos

mesmos

Artigo 7º

Os órganos unipersoais de goberno constitúen o equipo directivo do instituto. Realizarán as súas funcións de xeito coordinado. O seu mandato será de catro anos, contados a partir do seu nomeamento e correspondente toma de posesión, agás nos centros de nova creación, que será de tres anos e no caso do administrador ou administradora aterase ó disposto no artigo 26 da Lei orgánica 9/1995, do 20 de novembro, da participación, avaliación e goberno dos centros docentes.

Artigo 8º

O director ou directora será elixido polo Consello Escolar e nomeado polo delegado provincial da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.

Artigo 9º

1. Poderá optar ó cargo de director calquera profesor ou profesora, funcionario ou funcionaria de carreira, que reúna os requisitos seguintes:

a) Ter, cando menos, unha antigüidade de cinco anos no corpo da función pública docente desde o que se opta.

b) Exercer como profesor ou profesora durante cinco cursos en centros nos que se impartan ensinanzas do mesmo nivel e réxime.

c) Ter destino definitivo no centro, cunha antigüidade nel, cando menos, dun curso completo.

d) Estar acreditado pola Administración educativa para o exercicio da función directiva.

2. Nos centros de educación secundaria con oito unidades, ou menos; nos de zonas rurais de especial dificultade; nos que impartan ensinanzas de réxime especial ou ensinanzas dirixidas a persoas adultas, con oito profesores, ou menos, e en situacións excepcionais, a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria poderá eximi-los candidatos de cumpriren algún dos requisitos do punto anterior.

3. Non poderán presentarse como candidatos os profesores ou profesoras que, por calquera causa, non vaian prestar servizo no instituto no curso académico inmediatamente seguinte ó da súa toma de posesión como director ou directora.

4. Non se poderán presentar como candidatos aqueles profesores ou profesoras que desempeñasen o cargo de director ou directora no instituto no que se presenta a candidatura durante os tres períodos consecutivos inmediatamente anteriores. Para estes efectos unicamente computarán os períodos para os que fosen designados de acordo co establecido neste regulamento.

Artigo 10º

1. Os candidatos ó cargo de director deberán presentar, por escrito, ante o Consello Escolar, con quince días de anticipación á data da elección, a súa candidatura que incluíra:

a) Programa de dirección no que se preverán os obxectivos que pretende alcanzar, análise do funcionamento, problemas e necesidades do centro, as liñas fundamentais de actuación e a proposta dos órganos de goberno unipersoais da candidatura establecidos neste regulamento.

b) Acreditación para o exercicio da función directiva e condicións que permitiron esta acreditación.

c) Méritos académicos e profesionais non considerados para a acreditación.

2. O Consello Escolar deberá coñecer-lo programa dos candidatos.

3. O claustro de profesores deberá ser informado das candidaturas e coñecer-los programas presentados.

Artigo 11º

A mesa electoral estará integrada por dous profesores, un alumno ou alumna e un pai ou nai ou titor legal do alumno, elixidos por sorteo entre os membros do Consello Escolar .

O sorteo, que será público, deberá prever-la designación de membros titulares e suplentes. En ningún caso participarán en tal sorteo os candidatos á dirección.

Actuarán como presidente e secretario da mesa electoral os profesores de maior e menor idade, respectivamente.

Artigo 12º

A votación efectuarase diante da mesa electoral mediante sufraxio, directo, secreto e non delegable; resultará elixido director ou directora o candidato que obteña o voto favorable da maioría absoluta dos membros do Consello Escolar.

Cando, concorrendo máis dun candidato, ningún deles obtivese a maioría absoluta, procederase no prazo de corenta e oito horas a realizar unha segunda votación na que figurará unicamente o candidato máis votado na primeira. Para ser elixido en segunda votación tamén é necesario logralo voto favorable da maioría absoluta dos membros do Consello Escolar.

De existir empate na primeira votación, no prazo de corenta e oito horas realizarase unha segunda votación individualizada entre os aspirantes que igualaron no número máis elevado de votos. Decidirase por sorte a orde na que serán votados os aspirantes. Tódolos electores poderán participar na votación individualizada de cada aspirante. De seren varios os aspirantes que concorren en segunda votación resultará elixido o que, obtendo a maioría absoluta, logre máis votos.

Artigo 13º.

1. A mesa electoral remitiralle a acta da elección ó delegado provincial da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, expresando, segundo proceda:

- a) O candidato que obtivo a maioría absoluta.
- b) Que ningún candidato alcanzou a maioría absoluta.

2. No suposto de que non se presentase ningunha candidatura será o Consello Escolar o que, a través do seu presidente, deberá comunicar tal extremo ó delegado provincial da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.

Artigo 14°

1. Cando non haxa candidatos ou, cando habéndoos, ningún obtivese a maioría absoluta, o delegado provincial da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria nomeará director ou directora por un período de catro anos a un profesor ou profesora que, independentemente do centro de destino, reúna os requisitos seguintes:

- a) Ter unha antigüidade, cando menos, de cinco anos no corpo da función pública docente no que exerce.
- b) Estar en activo durante igual período nun centro que imparta ensinanzas de igual nivel e réxime.
- c) Estar acreditado pola Administración educativa para o exercicio da función directiva.

2. No caso de centros que por seren de nova creación non se dispuxese de profesorado que reúna os requisitos anteriores, a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria nomeará director ou directora a un profesor ou profesora, funcionario ou funcionaria de carreira que, de ser posible, reúna algún dos requisitos.

Artigo 15°.

O nomeamento, que realizará o delegado provincial da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, así como a toma de posesión, terán efectos do 1 de xullo do ano en que se efectúe o proceso electoral.

Artigo 16°

1. O director ou directora do instituto cesará nas súas funcións ó final do seu mandato ou ó producirse algunha das seguintes causas:

- a) Renuncia motivada aceptada polo delegado provincial da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.
- b) Traslado temporal ou definitivo, voluntario ou forzoso, pase a situación de servizos especiais, xubilación, excedencia voluntaria ou forzosa e suspensión de funcións de acordo co disposto na lexislación vixente.
- c) Cesamento polo delegado provincial da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria logo de proposta de revogación, acordada por maioría

de dous tercios do Consello Escolar.

Artigo 17º

O director ou directora cando incumpra gravemente coas súas obrigas poderá ser cesado ou suspendido de funcións polo delegado provincial da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, logo do informe razoado do Consello Escolar do centro e da audiencia do interesado.

Artigo 18º

Cando se produza o cesamento do director ou directora con anterioridade ó remate do seu mandato, por calquera das causas enumeradas nos artigos anteriores, o delegado provincial da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria nomeará un director ou directora, con carácter accidental e ata o 30 de xuño.

Artigo 19º

En caso de ausencia, enfermidade ou suspensión de funcións do director ou directora desempeñará as súas funcións, con carácter accidental, o vicedirector ou vicedirectora do centro e, no caso de que non exista tal órgano, o xefe ou xefa de estudos.

Artigo 20º

É competencia do director ou directora:

- a) Representar oficialmente a Administración educativa no instituto, sen prexuízo das atribucións das demais autoridades educativas.
- b) Ostenta-la representación do instituto.
- c) Dirixir e coordinar tódalas actividades do instituto, cara á consecución do proxecto educativo do centro e de acordo coas disposicións vixentes, sen prexuízo das competencias do Consello Escolar e do claustro do instituto.
- d) Visa-las certificacións e documentos oficiais do instituto.
- e) Designa-lo xefe ou xefa de estudos, e, de se-lo caso, o secretario ou secretaria e vicedirector ou vicedirectora e propoñe-lo seu nomeamento e cesamento. Designa-los xefes de departamento, os coordinadores e os titores, de acordo co procedemento establecido neste regulamento.
- f) Executa-los acordos dos órganos colexiados no ámbito da súa competencia.
- g) Coordina-la elaboración do proxecto educativo do centro, proxecto curricular e programación xeral anual, de acordo coas directrices e criterios

establecidos pola Administración educativa e polo Consello Escolar, e coas propostas formuladas polo claustro e outros órganos de participación, responsabilizándose co equipo directivo da súa redacción e velando pola súa correcta aplicación.

h) Convocar e presidi-los actos académicos, o Consello Escolar, o claustro, a comisión de coordinación pedagóxica do instituto, a comisión económica do Consello Escolar e cantas outras se constitúan regulamentariamente, podendo delega-la presidencia dalgunha destas comisións noutros membros do equipo directivo.

i) Cumprir e facer cumprir-las leis e demais disposicións vixentes.

j) Exerce-la xefatura de todo o persoal adscrito ó instituto.

k) Favorece-la convivencia do centro e impoñe-las correccións que corresponda, de acordo coa normativa vixente, co regulamento de réxime interior e cos criterios establecidos polo Consello Escolar.

l) Garanti-lo dereito de reunión de profesorado, alumnado, pais e nais de alumnos e persoal de administración e de servizos, de acordo co disposto na lexislación vixente.

m) Colaborar coa inspección educativa na valoración da función pública docente.

n) Xestiona-los medios humanos e materiais do instituto, dinamizando os distintos sectores da comunidade educativa, especialmente os restantes membros do equipo directivo e xefes de departamento, canalizando aportacións e intereses e buscando canles de comunicación e colaboración.

ñ) Promover e impulsa-las relacións do instituto coas institucións do seu contorno.

o) Trasladar ó delegado provincial da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria a memoria anual sobre as actividades e situación xeral do instituto así como, se é o caso, as propostas de solución ós problemas existentes.

p) Facilita-la adecuada coordinación con outros servizos educativos da zona.

q) Coordinar e fomenta-la participación dos distintos sectores da comunidade escolar e procura-los medios precisos para a máis eficaz execución das súas respectivas competencias.

r) Proporciona-la información que lle sexa requirida polas autoridades educativas competentes e colaborar en todo o relativo ó logro dos obxectivos educativos do centro.

s) Promover, de se-lo caso, as relacións cos centros de traballo que afecten á formación do alumnado e á súa inserción profesional, e asina-los convenios de colaboración, unha vez informados polo Consello Escolar, entre o instituto e os mencionados centros.

t) Facilita-la información sobre a vida do instituto ós distintos sectores da comunidade escolar.

u) Autoriza-los gastos de acordo co orzamento do instituto e ordena-los

pagamentos.

v) Realiza-las contratacións de obras, servicios e subministracións de acordo co que regulamentariamente se estableza.

Artigo 21º

1. O xefe ou xefa de estudos, o secretario ou secretaria e, nos centros que exista, o xefe ou xefa de estudos de nocturno e o vicedirector ou vicedirectora serán designados polo director entre os profesores con destino definitivo no centro, logo da comunicación ó Consello Escolar.

2. Non poderán ser nomeados xefe ou xefa de estudos, secretario ou secretaria, xefe ou xefa de estudos de nocturno e vicedirector ou vicedirectora os profesores que, por calquera causa, non vaian prestar servicio no instituto no curso académico inmediatamente seguinte ó da súa toma de posesión.

3. O director ou directora remitirá os nomes dos profesores e profesoras que han de ocupar os cargos ó delegado provincial da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria a fin de que sexan nomeados por este. O nomeamento e toma de posesión realizaranse con efectos do 1 de xullo seguinte á celebración das eleccións.

Artigo 22º

1. Nos centros de nova creación, o xefe ou xefa de estudos, e, de se-lo caso, o secretario ou secretaria, xefe ou xefa de estudos de nocturno e vicedirector ou vicedirectora serán designados e nomeados polo delegado provincial da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.

2. En situacións excepcionais e con autorización expresa do delegado provincial da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, logo da proposta do director ou directora, oído o Consello Escolar, poderán ser nomeados profesores que non teñan destino definitivo no centro.

Artigo 23º

O xefe ou xefa de estudos e secretario ou secretaria, xefe ou xefa de estudos de nocturno e vicedirector ou vicedirectora cesarán nas súas funcións ó remate do seu mandato ou ó producirse algunha das circunstancias seguintes:

a) Renuncia motivada aceptada polo delegado provincial da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, logo de informe do director ou directora do centro.

b) Traslado temporal ou definitivo, voluntario ou forzoso, pase a situación de servicios especiais, xubilación, excedencia voluntaria ou forzosa e suspensión de funcións de acordo co disposto coa lexislación vixente.

c) Cando cese o director ou directora que os designou.

d) Cesamento polo delegado provincial da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria por proposta o director ou directora mediante escrito razoado, logo de comunicación ó Consello Escolar.

Artigo 24º

O delegado provincial da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria poderá cesar ou suspender de funcións a calquera dos membros do equipo directivo, cando exista incumprimento grave das súas funcións, previo informe razoado do director ou directora, dando audiencia ó interesado e oído o Consello Escolar.

Artigo 25º

Cando cese nas súas funcións o xefe ou xefa de estudos, o secretario ou secretaria, o xefe ou xefa de estudos de nocturno ou o vicedirector ou vicedirectora polas causas enumeradas nos artigos anteriores, o delegado provincial da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria nomeará, para o período restante de mandato do director, o profesor ou profesora designado polo mesmo, logo da comunicación ó Consello Escolar. No caso de centros de nova creación, será o delegado provincial da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria o que realice a designación e nomeamento correspondente.

Artigo 26º

En caso de ausencia, enfermidade ou suspensión de funcións do xefe ou xefa de estudos, secretario ou secretaria, xefe ou xefa de estudos de nocturno ou vicedirector ou vicedirectora farase cargo temporalmente das súas funcións o profesor que designe o director, logo de comunicación ó Consello Escolar.

Artigo 27º

No caso de que no centro exista a xefatura de estudos de nocturno, asumirá as funcións que lle correspondan como xefe ou xefa de estudos no ámbito da súa responsabilidade e coordinarase e colaborará cos restantes membros do equipo directivo, do que forma parte para tódolos efectos.

No caso de que un dos xefes de estudos deba substituí-lo director, corresponderalle en primeiro lugar ó xefe ou xefa de estudos de diurno.

Artigo 28º

É competencia do vicedirector ou vicedirectora:

- a) Substituí-lo director en caso de ausencia ou enfermidade.
- b) Organizar, conxuntamente co director e xefe de estudos, os actos académicos.
- c) Coordina-la realización das actividades complementarias e extraescolares, segundo as directrices aprobadas polo Consello Escolar do instituto.
- d) Coordinar, se é o caso, o programa de formación en centros de traballo do alumnado que cursa ciclos formativos ou programas de garantía social.
- e) Aquelas funcións que o director lle encomende dentro do ámbito da

súa competencia.

Artigo 29°

O vicedirector ou vicedirectora poderá asistir ás reunións do Consello Escolar do centro, con voz e sen voto, cando se traten asuntos que lle fosen encomendados.

Artigo 30°

Cando non exista vicedirector ou vicedirectora, asumirá con carácter xeral as súas funcións o xefe ou xefa de estudos.

Artigo 31°

É competencia do xefe ou xefa de estudos:

a) Exercer, por delegación do director e baixo a súa autoridade, a xefatura do persoal docente en todo o relativo ó réxime académico.

b) Nos centros nos que non exista vicedirector, substituí-lo director en caso de ausencia ou enfermidade.

c) Coordinar e velar pola execución das actividades de carácter académico e de orientación de profesorado e alumnado, en relación co proxecto educativo do instituto, os proxectos curriculares de etapa e a programación xeral anual.

d) Elaborar, en colaboración cos restantes órganos unipersoais, os horarios académicos de alumnado e profesorado de acordo cos criterios aprobados polo claustro e co horario xeral incluído na programación xeral anual, así como velar polo seu estricto cumprimento.

e) Coordina-las actividades dos xefes de departamento.

f) Coordinar e orienta-la acción dos titores, coas aportacións, se é o caso, do departamento de orientación e de acordo co plano de orientación académica e profesional e do plano de acción tutorial.

g) Coordina-la participación do profesorado nas actividades de perfeccionamento, así como planificar e organiza-las actividades de formación de profesores realizadas polo instituto (*misión asumida polo coordinador de formación do profesorado, segundo a modificación introducida pola disposición derradeira do Decreto 245/1999, do 29 de xullo (DOG do 1 de setembro), polo que se regula a formación permanente do profesorado que imparte ensinanzas de niveis non universitarios*).

h) Coordina-la actividade docente do centro, con especial atención ós procesos de avaliación, adaptación curricular, diversificación curricular e actividades de recuperación, reforzo e ampliación.

i) Facilita-la organización do alumnado e impulsa-la súa participación no instituto.

j) Establece-los mecanismos para corrixir ausencias imprevistas do

profesorado, atención a alumnado accidentado ou calquera eventualidade que incida no normal funcionamento do centro.

k) Organiza-la atención do alumnado nos períodos de lecer .

l) Calquera outra función que lle poida ser encomendada polo director dentro do ámbito da súa competencia.

Artigo 32º

É competencia do secretario ou secretaria:

a) Ordena-lo réxime administrativo do instituto, de conformidade coas directrices do director.

b) Actuar como secretario dos órganos colexiados de goberno do instituto, levantar acta das sesións e dar fe dos acordos co visto e prace do director.

c) Custodia-los libros e arquivos do instituto.

d) Expedi-las certificacións que soliciten as autoridades e os interesados.

e) Realizar coa colaboración dos xefes de departamento o inventario xeral do instituto e mantelo actualizado.

f) Custodiar e dispoñe-la utilización dos medios audiovisuais, material didáctico, mobiliario ou calquera material inventariable.

g) Coordinar, dirixir e supervisar, por delegación do director, a actividade e funcionamento do persoal de administración e de servicios adscrito ó instituto.

h) Elabora-lo anteproxecto de orzamento do instituto de acordo coas directrices do Consello Escolar e oída a comisión económica.

i) Ordena-lo réxime económico do instituto, de conformidade coas instrucións do director, realiza-la contabilidade e render contas ante o Consello Escolar e as autoridades correspondentes.

j) Velar polo mantemento material do instituto en tódolos seus aspectos, de acordo coas indicacións do director .

k) Dar a coñecer e difundir a toda a comunidade educativa a información sobre normativa, disposicións legais e asuntos de interese xeral ou profesional que se reciba no centro.

l) Presidir, se é o caso, e por delegación do director, a comisión económica.

m) Calquera outra función que lle encomende o director dentro do seu ámbito de competencia.

Artigo 33º

Nos institutos de educación secundaria que a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria determine, existirá un administrador ou administradora quen, baixo a dependencia directa do director ou directora do mesmo, asumirá as competencias establecidas no artigo 35º deste

regulamento. Neses centros non existirá secretario.

Artigo 34°

Consellería de Educación e Ordenación Universitaria establecerá os requisitos para a provisión dos postos de traballo de administrador ou administradora en institutos de educación secundaria.

Artigo 35°

É competencia do administrador ou administradora:

a) Asegura-la xestión dos medios humanos e materiais e ordena-lo réxime administrativo do instituto, de conformidade coas directrices do director.

b) Actuar como secretario dos órganos colexiados de goberno do instituto, con voz, pero sen voto, e levantar acta das sesións e dar fe dos acordos co visto e praxe do director.

c) Controlar, por delegación do director, a asistencia ó traballo de todo o persoal docente e non docente adscrito ó instituto e mante-las relacións administrativas coa delegación provincial da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.

d) Custodia-los libros e arquivos do instituto.

e) Expedi-las certificacións que soliciten as autoridades e os interesados.

f) Realiza-lo inventario xeral do instituto e mantelo actualizado.

g) Custodiar e dispoñe-la utilización dos medios audiovisuais e do material didáctico.

h) Exercer, por delegación do director, a xefatura do persoal de administración e de servicios adscrito ó instituto.

i) Elabora-lo anteproxecto de orzamento do instituto de acordo coas directrices do Consello Escolar e oída a comisión económica.

j) Ordena-lo réxime económico do instituto, de conformidade coas instrucións do director, realiza-la contabilidade e render contas ante ó Consello Escolar e as autoridades correspondentes.

k) Velar polo mantemento material do instituto en tódolos seus aspectos, de acordo coas indicacións do director.

l) Calquera outra función que lle encomende o director dentro do seu ámbito de competencia.

Capítulo III

Órganos colexiados de goberno, composición e atribucións dos mesmos O Consello Escolar

Artigo 36°

O Consello Escolar do centro é o órgano a través do cal participan na

súa xestión os distintos membros da comunidade escolar.

Artigo 37º

O Consello Escolar dos institutos de educación secundaria que teñan oito, ou máis, unidades estará composto polos seguintes membros:

- a) O director ou directora, que será o seu presidente.
- b) O xefe ou xefa de estudos, e, de se-lo caso, o xefe ou xefa de estudos de nocturno.
- c) Un concelleiro ou representante do concello do municipio no que estea situado o instituto.
- d) Sete profesores elixidos polo claustro.
- e) Tres representantes dos pais ou nais de alumnos.
- f) Catro representantes do alumnado.
- g) Un representante do persoal de administración e servicios.
- h) O secretario ou secretaria ou, se é o caso, o administrador ou administradora do instituto, que actuará como secretario do consello, con voz, pero sen voto.

Artigo 38º

1. Dos representantes que lles corresponden ós pais e nais no Consello Escolar un será proposto pola asociación de pais máis representativa, os outros serán elixidos por votación ante a mesa electoral polo pai e a nai ou titores legais de acordo co procedemento establecido no Decreto 92/1988, do 28 de abril.

2. A xunta electoral solicitaralle, cando proceda, á asociación de pais de alumnos do centro, legalmente constituída, que teña maior número de asociados a proposta dun representante para o Consello Escolar, dando un prazo de 10 días para o efecto.

3. De non existir proposta da asociación de pais de alumnos para ocupar a praza que lle corresponde, esa vacante cubrirase conxuntamente e co mesmo procedemento cós outros representantes dos pais. Para os efectos de futura renovación parcial, asignaráselle a praza correspondente por proposta da asociación de pais de alumnos ó candidato máis votado.

Artigo 39º

Para a constitución do Consello Escolar dos centros de nova creación, e sempre que deban ser elixidos tódolos membros, cada elector fará constar na súa papeleta un máximo dun, dous, tres, catro ou cinco nomes segundo corresponda elixir menos de tres, tres, catro, cinco ou máis de cinco representantes respectivamente.

Artigo 40º *(Redactado conforme ó establecido na disposición adicional terceira do Decreto 7/1999, do 7 de xaneiro (DOG do 26), polo que se implantan e regulan os centros públicos integrados de ensinanzas non universitarias)*. Sen prexuízo do establecido no artigo 49º.2, dous anos despois de que se constituía o Consello Escolar con tódolos membros, levarase a cabo

a súa primeira renovación parcial e serán substituídos os seguintes membros:

a) Se o número total de membros electos do respectivo sector é par, renovarase a metade dos membros.

b) Se o número total de membros electos do respectivo sector é impar, procederase do seguinte xeito:

-Se o número total é de 1 membro: renóvase este membro.

-Se o número total é de 3 membros: renóvase 1 membro.

-Se o número total é de 5 membros: renóvanse 2 membros.

-Se o número total é de 7 membros: renóvanse 3 membros.

Para determina-las persoas concretas substituídas haberá que aterse inicialmente á voluntariedade. Se esta non se producise, os afectados serían os seguintes:

-Profesorado: menor antigüidade no centro, no corpo e menor idade, por esta orde.

-Pais e nais de alumnos ou alumnas: os que antes vaian deixar de formar parte da comunidade educativa, tendo en conta o curso escolar dos seus fillos. En caso de igualdade, determinarase por orde alfabética; sendo o afectado o que primeiro apareza nesa orde.

-Alumnado: o que antes deixe de ser alumno do centro. En caso de igualdade, aplicarase o criterio sinalado no parágrafo anterior.

Dous anos despois, substituiranse os membros non afectados na renovación parcial citada.

Artigo 41º

Nos centros que impartan formación profesional específica ou artes plásticas e deseño poderase incorporar ó Consello Escolar, con voz pero sen voto, un representante proposto polas organizacións empresariais ou institucións laborais presentes no ámbito de acción do centro.

Artigo 42º

1. A xunta electoral solicitaralles ás organizacións empresariais ou institucións laborais que prestan a súa colaboración para a realización do módulo de «formación en centros de traballo» a proposta dun representante para o Consello Escolar con 15 días de antelación á súa constitución, e presentará nova petición cada dous anos, coincidindo coa renovación da metade dos membros do Consello Escolar.

2. As organizacións empresariais ou institucións laborais presentarán a súa proposta cinco días antes da constitución do Consello Escolar.

Artigo 43º

Nos centros de educación secundaria con sete unidades ou menos, nos de educación de adultos e de educación especial, así como naqueles centros de características singulares, a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria poderá adapta-lo disposto no artigo 37 ás súas características.

Artigo 44°

O Consello Escolar do instituto terá as seguintes atribucións:

a) Establece-las directrices e elaborar propostas para a elaboración do proxecto educativo do instituto, aprobalo, avalialo e, se é o caso, introducir modificacións, sen prexuízo das competencias que o claustro de profesores ten atribuídas en relación coa planificación e organización docente.

b) Elixi-lo director ou directora do centro.

c) Propoñe-la revogación do nomeamento do director ou directora, logo do acordo dos seus membros, adoptado por maioría de dous tercios.

d) Decidir sobre a admisión de alumnado, con suxeición ó establecido na lexislación vixente.

e) Aprobar e modifica-lo regulamento de réxime interior do instituto.

f) Resolve-los conflitos e impoñe-las correccións con finalidade pedagóxica que correspondan a aquelas condutas do alumnado que prexudiquen gravemente a convivencia no centro, de acordo coas normas que estableza a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.

g) Aproba-lo proxecto de orzamento do instituto e a execución do mesmo.

h) Aprobar e avalia-la programación xeral anual do instituto, respectando, en todo caso, os aspectos docentes que lle competen ó claustro.

i) Aproba-la programación das actividades escolares complementarias e avalia-lo seu desenvolvemento.

j) Establece-las directrices para a participación do instituto en actividades culturais, deportivas e recreativas naquelas accións asistenciais nas que o instituto puidese aporta-la súa axuda.

k) Establece-los criterios de colaboración con outros centros, entidades ou organismos.

l) Promove-la renovación das instalacións e equipamento do instituto, e vixia-la súa conservación.

m) Analizar e valora-lo funcionamento xeral do instituto, a evolución do rendemento escolar e os resultados da avaliación que do centro realice a Administración educativa.

n) Colaborar coa inspección educativa nos planos de avaliación de centro, nos termos que a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria estableza.

o) Regula-lo procedemento de autorización das saídas voluntarias entre clases ou en período de lecer do alumnado do centro.

Artigo 45°

1. No seo do Consello Escolar do instituto, existirá unha comisión económica, integrada polo director ou directora, o secretario ou secretaria, ou, se é o caso, o administrador ou administradora, un profesor ou profesora, un alumno ou alumna e un pai ou nai de alumno, elixidos por cada un dos sectores.

2. Poderán constituírse outras comisións para asuntos específicos, nas

que estarán presentes, cando menos, un profesor ou profesora, un alumno ou alumna e un pai ou nai de alumno. En todo caso as comisións informarán o Consello Escolar sobre os temas que se lles encomenden e colaborarán con el nas cuestións da súa competencia.

O claustro de profesores

Artigo 46°

1. O claustro de profesores é o órgano propio de participación destes no goberno do centro e ten a responsabilidade de planificar, coordinar, decidir e, se é o caso, informar sobre tódolos aspectos docentes do mesmo.

2. O claustro estará integrado pola totalidade dos profesores e profesoras que presten servizo nel e será presidido polo director ou directora do centro.

Artigo 47°

Son competencias do claustro:

a) Elevar ó equipo directivo propostas para a elaboración dos proxectos educativo e curricular do centro e da programación xeral anual.

b) Aprobar e avalia-los proxectos curriculares e os aspectos docentes da programación xeral anual, conforme ó proxecto educativo do centro,

c) Promover iniciativas no ámbito da experimentación e da investigación pedagóxica e na formación do profesorado do centro.

d) Elixi-los seus representantes no Consello Escolar do instituto e no consello directivo do centro de formación continuada do profesorado.

e) Propoñer todo tipo de iniciativas que tendan a mellora-lo funcionamento do centro en calquera dos seus aspectos.

f) Aproba-los criterios pedagóxicos para a elaboración dos horarios dos alumnos.

g) Aproba-la planificación xeral das sesións de avaliación e cualificación e calendario dos exames ou probas extraordinarias.

h) Analizar e valora-lo rendemento escolar do centro mediante os resultados das avaliacións e outros parámetros que se consideren pertinentes.

i) Coñece-las candidaturas á dirección e os programas presentados polos candidatos.

j) Coordina-las funcións referentes a orientación, titoría, avaliación e recuperación dos alumnos e alumnas.

k) Analizar e valora-los resultados da avaliación que do centro realice a Administración educativa ou calquera informe referente á súa marcha.

l) Colaborar coa inspección educativa nos planos de avaliación do centro.

Capítulo IV

Procedemento de elección, constitución, renovación, substitución e funcionamento dos órganos colexiados de goberno

Artigo 48º

O procedemento de elección, constitución, renovación e substitución dos órganos colexiados de goberno rexeráse polo disposto no Decreto 92/1988, do 28 de abril.

Artigo 49º

1. A elección do Consello Escolar e constitución do mesmo nos centros de nova creación efectuaráse no mes de outubro de acordo co procedemento establecido no Decreto 92/1988, do 28 de abril.

2. A primeira renovación do Consello Escolar produciráse ó cabo dun ano ou dous, coincidindo coa renovación do resto dos Consellos Escolares no ámbito da Comunidade Autónoma.

Artigo 50º

O quórum para a válida constitución dos órganos colexiados contemplados neste regulamento orgánico de institutos de educación secundaria, para os efectos da celebración de sesións, deliberacións e toma de acordos, requirirá a presenza do presidente e secretario ou, de se-lo caso, dos que os substitúan, e da metade polo menos, dos seus membros.

Se non existira quórum, o órgano constituiráse en segunda convocatoria no seguinte día lectivo, no mesmo lugar e na mesma hora; neste caso será suficiente a asistencia da terceira parte dos seus membros, e, en todo caso, un número non inferior a tres, sen prexuízo da presenza do presidente e o secretario ou persoas que os substitúan.

Sen prexuízo do anterior, a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria poderá establecer, con carácter excepcional, a esixencia de maioría cualificada na toma de determinadas decisións de especial importancia para o funcionamento do centro e que afecten ó conxunto da comunidade educativa.

Para os efectos de cómputo de votos para a toma de decisións soamente se contabilizarán os membros con dereito a voto.

Artigo 51º

Os órganos colexiados reuniránse preceptivamente en sesión ordinaria unha vez por trimestre e sempre que os convoque o seu presidente ou solicite un tercio, polo menos, dos seus membros. Neste último caso, o presidente realizará a convocatoria no prazo máximo de 20 días contados desde o seguinte día a aquel no que se presente a petición. A sesión celebrarase como máximo no prazo dun mes contado desde o día seguinte á

entrega da petición de convocatoria.

En todo caso reuniranse ó inicio e remate de curso.

Nas reunións ordinarias o director remitiralles ós membros do órgano colexiado, xunto coa convocatoria, e cunha antelación mínima dunha semana, a documentación necesaria para o mellor desenvolvemento da sesión. Se os asuntos que se vaian tratar así o aconsellan, poderán realizarse convocatorias extraordinarias cunha antelación mínima de corenta e oito horas e sen suxeición a prazo previo nos casos de urxencia. *(Texto engadido conforme ó establecido na disposición adicional terceira do Decreto 7/1999, do 7 de xaneiro (DOG do 26), polo que se implantan e regulan os centros públicos integrados de ensinanza non universitarias).*

Artigo 52º

Os profesores e profesoras pertencentes ós órganos colexiados están obrigados a asistir ás reunións dos mesmos.

TÍTULO III

Órganos de coordinación docente

Capítulo I

Departamentos e outros órganos

Artigo 53º

Nos institutos de educación secundaria existirán os seguintes órganos de coordinación docente:

1. Departamentos:

- a) Departamento de orientación.
- b) Departamento de actividades complementarias e extraescolares.

c) Departamentos didácticos. Segundo as ensinanza impartidas no centro, poderanse constituír: artes plásticas, ciencias naturais, economía, educación física e deportiva, filosofía, física e química, formación e orientación laboral, francés, grego, inglés, latín, lingua castelá e literatura, lingua galega e literatura, matemáticas, música, relixión, tecnoloxía, e xeografía e historia .

Poderán constituírse ademais departamentos doutras linguas estranxeiras, cando sexan impartidas como primeira lingua con reflexo no cadro de persoal do centro. Nos institutos nos que se imparta formación profesional específica, constituíranse departamentos de familia profesional. Estes agruparán a tódolos profesores e profesoras que impartan formación profesional específica en ciclos formativos e programas de garantía social dunha mesma familia profesional.

2. Outros órganos:

- a) Comisión de coordinación pedagóxica.
- b) Coordinador de formación en centros de traballo.
- c) Equipo de normalización lingüística.

Artigo 54°

Derogado pola disposición derogatoria primeira do Decreto 120/1998, do 23 de abril (DOG do 27), polo que se regula a orientación educativa e profesional na comunidade autónoma de Galicia.

Artigo 55°

Derogado pola disposición derogatoria primeira do Decreto 120/1998, do 23 de abril (DOG do 27), polo que se regula a orientación educativa e profesional na comunidade autónoma de Galicia.

Artigo 56°

Derogado pola disposición derogatoria primeira do Decreto 120/1998, do 23 de abril (DOG do 27), polo que se regula a orientación educativa e profesional na comunidade autónoma de Galicia.

Artigo 57°

Derogado pola disposición derogatoria primeira do Decreto 120/1998, do 23 de abril (DOG do 27), polo que se regula a orientación educativa e profesional na comunidade autónoma de Galicia.

Artigo 58°

1. A titoría e orientación do alumnado formará parte da función docente. A función titorial e orientadora do alumnado desenvolverase ó longo de tódalas etapas e ciclos formativos.

2. Nos institutos de educación secundaria haberá un titor ou titora por cada grupo de alumnado. O titor ou titora será designado polo director ou directora, por proposta do xefe ou xefa de estudos, oído o xefe ou xefa do departamento de orientación, entre os profesores e profesoras que impartan docencia a todo o grupo.

Artigo 59°

1. Cada profesor titor, ademais das súas tarefas docentes específicas, realizará, cando menos, as seguintes funcións:

a) Participar no desenvolvemento do plano de acción titorial e nas actividades de orientación, baixo a coordinación do xefe ou xefa de estudos e en colaboración co departamento de orientación.

b) Proporcionarlles no principio de curso, ó alumnado e ós pais e nais, información documental ou, no seu defecto, indicar onde poden consultar todo o referente a calendario escolar, horarios, horas de titoría, actividades extraescolares e complementarias previstas, programas escolares e criterios de avaliación do grupo.

c) Coñece-las características persoais de cada alumno e alumna a través da análise do seu expediente persoal e doutros instrumentos válidos para conseguir ese coñecemento.

d) Coñece-los aspectos da situación familiar e escolar que repercuten no rendemento académico de cada alumno e alumna.

e) Efectuar un seguimento global dos procesos de ensino-aprendizaxe do alumnado para detectar dificultades e necesidades especiais, co obxecto de busca-las respostas educativas adecuadas e solicita-los oportunos asesoramentos e apoios.

f) Coordina-las adaptacións curriculares necesarias para alumnos e alumnas do seu grupo.

g) Facilita-la integración do alumnado no grupo e fomenta-la súa participación nas actividades do centro.

h) Orienta-lo alumnado dunha maneira directa e inmediata no seu proceso formativo.

i) Informar ó equipo de profesores do grupo de alumnos e alumnas das súas características, especialmente naqueles casos que presenten problemas específicos.

j) Coordina-lo axuste das diferentes metodoloxías e principios de avaliación programados para o mesmo grupo de alumnos e alumnas.

k) Organizar e presidi-las sesións de avaliación do seu grupo.

l) Favorece-lo proceso de maduración vocacional orientando e asesorando o alumnado sobre as súas posibilidades académicas e profesionais.

m) Colaborar co departamento de orientación do instituto nos termos que estableza a xefatura de estudos.

n) Colaborar cos demais titores e co departamento de orientación no marco dos proxectos educativo e curricular do centro.

ñ) Orienta-las demandas e inquiredanzas do alumnado e mediar, en colaboración co delegado do grupo, ante o resto do profesorado, alumnado e equipo directivo nos problemas que se presenten.

o) Informar ó alumnado do grupo, ós pais e nais e ó profesorado de todo aquilo que lles afecte en relación coas actividades docentes e o rendemento académico.

p) Facilita-la cooperación educativa entre o profesorado e os pais e nais dos alumnos e alumnas.

q) Exercer, de acordo co proxecto curricular, a coordinación entre os membros do equipo docente.

r) Cubri-los documentos oficiais relativos ó seu grupo de alumnado.

s) Controla-la falta de asistencia ou puntualidade do alumnado, e ter informados os pais e nais ou titores e o xefe ou xefa de estudos.

t) Implica-las familias nas actividades de apoio á aprendizaxe e orientación dos seus fillos.

u) Atender, xunto co resto de profesorado, os alumnos e alumnas mentres estes permanecen no centro nos períodos de lecer .

2. No caso dos ciclos formativos de formación profesional, o titor ou titora asumirá tamén, respecto ó módulo de formación en centros de traballo, as seguintes funcións:

a) Elabora-lo programa formativo do módulo, en colaboración co

responsable designado para estes efectos polo centro de traballo.

b) Avalia-lo módulo, tendo en conta o informe do responsable designado por parte do centro de traballo sobre as actividades realizadas polos alumnos e alumnas durante o período de estadía nese centro.

c) Manter contactos periódicos co responsable designado polo centro de traballo, co fin de contribuír a que o programa de formación se axuste á cualificación que se pretende.

d) Atender no centro educativo os problemas de aprendizaxe que presente o seu grupo de alumnos e alumnas e valorar de xeito continuado as actividades correspondentes ó programa de formación.

e) Informar sobre as peticións de validacións ou exencións formuladas polo alumnado do ciclo formativo.

f) Tramitar para o seu grupo de alumnos e alumnas a documentación relativa á formación en centros de traballo.

g) Axudar ó departamento na identificación da necesidade de colaboración de expertos, así como no calendario de intervención.

h) Propoñer, para a súa aprobación polo Consello Escolar, a distribución da asignación económica destinada a estas ensinanzas.

i) Informar á dirección do centro de todo o referente ó ciclo formativo.

j) Redacta-la memoria final de curso, que se incluírá na memoria de centro.

Artigo 60º

1. O xefe ou xefa de estudos coordinará o traballo dos titores e manterá as reunións periódicas necesarias para o bo funcionamento da acción tutorial.

2. O coordinador de formación en centros de traballo coordinará os titores de ciclos formativos e programas de garantía social naqueles aspectos que lle son propios, para o que manterá as reunións periódicas necesarias con eles.

Capítulo III

Departamento de actividades complementarias e extraescolares

Artigo 61º

Terán carácter de complementarias aquelas actividades didácticas que se realizan co alumnado en horario lectivo e que, formando parte da programación, teñen carácter diferenciado polo momento, espacio ou recursos que utilizan. Así cabe considera-las visitas, traballos de campo, viaxes de estudo, conmemoracións e outras semellantes.

Artigo 62º

Teñen carácter de extraescolares aquelas que, sendo organizadas polo centro e figurando na programación xeral anual, aprobada polo Consello Escolar, se realizan fóra de horario lectivo e nas que a participación é voluntaria.

Artigo 63°

1. O departamento de actividades complementarias e extraescolares encargarse de promover, organizar e facilitar este tipo de actividades.

2. Este departamento estará integrado polo xefe ou xefa do mesmo e, para cada actividade concreta, polo profesorado e alumnado responsable da mesma.

Artigo 64°

O xefe ou xefa do departamento de actividades complementarias e extraescolares será o vicedirector ou vicedirectora nos centros onde exista este cargo; en caso contrario, desempeñará estas funcións un profesor ou profesora, preferentemente con destino definitivo no centro, que designe o director ou directora por proposta do xefe ou xefa de estudos, oída a comisión de coordinación pedagóxica.

Artigo 65°

1. O xefe ou xefa do departamento de actividades complementarias e extraescolares será nomeado por un período de catro anos e cesará ó producirse algunha das circunstancias contempladas no artigo 76.

2. O xefe ou xefa do departamento de actividades complementarias e extraescolares actuará baixo a dependencia directa do xefe ou xefa de estudos e en estreita colaboración co equipo directivo.

Artigo 66°

O xefe ou xefa do departamento de actividades complementarias e extraescolares terá, entre outras, as seguintes funcións:

a) Participar na elaboración do proxecto curricular de etapa.

b) Elabora-lo programa anual destas actividades para o que se terán en conta as propostas dos departamentos, do profesorado, do alumnado e dos pais e nais e as orientacións do claustro e comisión de coordinación pedagóxica.

c) Programar cada unha das actividades especificando obxectivos, responsables, momento e lugar de realización, repercusións económicas e forma de participación do alumnado.

d) Proporcionar ó alumnado a información relativa ás actividades do departamento.

e) Promover e coordina-las actividades culturais e deportivas en colaboración co claustro, a comisión de coordinación pedagóxica, os

departamentos, a xunta de delegados de alumnos e a asociación de pais.

f) Coordina-la organización das viaxes de estudos, os intercambios escolares e calquera tipo de viaxes que se realicen cos alumnos e alumnas.

g) Distribuí-los recursos económicos destinados para o efecto, procedentes de aportacións de institucións, asociacións ou do propio centro, logo da aprobación polo Consello Escolar.

h) Organiza-la utilización da biblioteca do instituto.

i) Elaborar unha memoria final de curso coa avaliación das actividades realizadas que se incluírá na memoria de centro.

j) Presentarlle propostas ó equipo directivo para a relación e intercambio de actividades cos centros do seu contorno.

Artigo 67°

Para o desenvolvemento das actividades extraescolares que se realicen fóra da localidade onde está situado o centro, deberase contar cos seguintes requisitos:

a) Aprobación do Consello Escolar.

b) Autorización escrita dos pais, de tratarse de alumnos e alumnas que están baixo a responsabilidade paterna ou titor ou titora legal.

c) Os alumnos e alumnas serán acompañados polo profesorado correspondente na proporción dun profesor ou profesora por cada vinte alumnos.

Artigo 68°

Os centros facilitarán e promoverán a participación dos distintos sectores da comunidade educativa tanto a título individual como a través das súas asociacións e os seus representantes no Consello Escolar, na elección, organización, desenvolvemento e avaliación das actividades complementarias e extraescolares.

Artigo 69°

Os centros, coa aprobación do Consello Escolar, poderán establecer convenios de colaboración con asociacións culturais ou entidades sen ánimo de lucro para o desenvolvemento de actividades extraescolares e complementarias. Estes convenios deberán ser autorizados polo delegado provincial da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, director Xeral de Ordenación Educativa e Centros ou conselleiro de Educación e Ordenación Universitaria, segundo teñan incidencia provincial, autonómica ou estatal.

Artigo 70°

As Administracións locais poderán colaborar cos centros educativos para impulsa-las actividades extraescolares e complementarias e promove-la relación entre a programación dos centros e o contorno socioeconómico no que

estes desenvolven o seu labor.

Capítulo IV Departamentos didácticos

Artigo 71º

Os departamentos didácticos son os órganos básicos encargados de organizar e desenvolve-las ensinanzas propias das áreas, materias ou módulos profesionais correspondentes, e as actividades que se lles encomenden, dentro do ámbito das súas competencias.

Artigo 72º

1. Os departamentos didácticos estarán compostos por tódolos profesores e profesoras que impartan o ensino propio das áreas, materias ou módulos profesionais asignados ó departamento.

2. Cando nun departamento se integren profesores e profesoras de máis dunha das especialidades establecidas, a programación e impartición das áreas, materias ou módulos de cada especialidade corresponderalles ós profesores respectivos.

Artigo 73º

É competencia dos departamentos didácticos:

a) Formular propostas ó equipo directivo e ó claustro relativas á elaboración do proxecto educativo do instituto e a programación xeral anual.

b) Formular propostas á comisión de coordinación pedagóxica relativas á elaboración dos proxectos curriculares de etapa.

c) Elaborar, antes do comezo do curso académico, a programación didáctica das ensinanzas correspondentes ás áreas, materias e módulos integrados no departamento, baixo a coordinación e dirección do seu xefe ou xefa, e de acordo coas directrices xerais establecidas pola comisión de coordinación pedagóxica. A programación didáctica incluírá, para cada etapa, os aspectos sinalados no artigo 96º deste regulamento.

d) Promove-la investigación educativa e propoñerlle ó xefe ou xefa de estudos actividades de perfeccionamento do profesorado.

e) Manter actualizada a metodoloxía didáctica.

f) Colaborar co departamento de orientación na prevención e detección temperán de problemas de aprendizaxe, así como na programación e aplicación de adaptacións e diversificacións curriculares, actividades de reforzo, ampliación e actividades de recuperación para os alumnos e alumnas que o precisen.

g) Organizar e realizar actividades complementarias en colaboración co departamento correspondente.

h) Organizar e realiza-las probas necesarias para os alumnos e alumnas de bacharelato ou de ciclos formativos con materias ou módulos pendentes e, se é o caso, para os alumnos e alumnas libres.

i) Resolve-las reclamacións derivadas do proceso de avaliación que os alumnos e alumnas lle formulen ó departamento e dicta-los informes pertinentes.

j) Elaborar, a fin de curso, unha memoria na que se avalíe o desenvolvemento da programación didáctica e os resultados obtidos.

k) Propoñer materias optativas dependentes do departamento, que serán impartidas polos profesores ou profesoras do mesmo.

Artigo 74º

1. Os xefes dos departamentos didácticos, que serán designados polo director ou directora do instituto e nomeados polo delegado provincial da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, desempeñarán o seu cargo durante catro cursos académicos, renovables, de se-lo caso.

2. A xefatura de departamento será desempeñada por un profesor ou profesora do mesmo que estea en situación de servizo activo no corpo de catedráticos numerarios de bacharelato á entrada en vigor da Lei orgánica 1/1990, do 3 de outubro, de ordenación xeral do sistema educativo. No caso de que haxa máis dun, o director ou directora do centro, oído o departamento, nomeará un deles.

3. Para as disciplinas nas que non haxa funcionarios que reúnan os requisitos enunciados no parágrafo anterior desempeñará a xefatura de seminario un funcionario do corpo de profesores de ensino secundario coa condición de catedrático adquirida. Cando nun departamento haxa mais dun profesor ou profesora coa condición de catedrático adquirida, a xefatura do mesmo será desempeñada polo profesor ou profesora coa condición de catedrático adquirida que designe o director ou directora, oído o departamento.

4. Cando nun departamento non haxa ningún profesor ou profesora coa condición de catedrático adquirida a xefatura será desempeñada por funcionarios de carreira do corpo de profesores de ensinanza secundaria ou, se é o caso, do corpo de profesores técnicos de formación profesional, con destino definitivo no centro, que designe o director ou directora, a proposta do departamento.

Artigo 75º

1. É competencia do xefe ou xefa de departamento:

a) Representa-lo departamento na comisión de coordinación pedagóxica.

- b) Participar na elaboración do proxecto curricular de etapa.
- c) Responsabilizarse da redacción da programación didáctica das áreas, materias ou módulos que se integran no departamento.
- d) Dirixir e coordina-las actividades académicas do departamento.
- e) Convocar e presidi-las reunións ordinarias do departamento e as que, con carácter extraordinario, fose preciso celebrar.
- f) Responsabilizarse de que se levante acta de reunión do departamento e de que se elabore a memoria de final de curso.
- g) Darlles a coñecer ós alumnos e alumnas a información relativa á programación, con especial referencia ós obxectivos, ós mínimos esixibles e ós criterios de avaliación, elaborados polo departamento.
- h) Realiza-las convocatorias, cando corresponda, dos exames para os alumnos e alumnas libres, alumnos e alumnas de bacharelato ou ciclos formativos con materias ou módulos profesionais pendentes, así como as probas extraordinarias, sempre en coordinación coa xefatura de estudos. Presidi-la realización dos exercicios correspondentes e avalialos en colaboración cos membros do departamento.
- i) Realiza-lo seguimento da programación didáctica do departamento, velando polo seu cumprimento e a correcta aplicación dos criterios de avaliación.
- j) Resolve-las reclamacións de final de curso que afecten ó seu departamento, de acordo coas deliberacións dos seus membros, e elabora-los informes pertinentes.
- k) Coordina-la organización de espazos e instalacións e velar pola correcta conservación do equipamento específico do departamento.
- l) Colaborar co secretario ou secretaria na elaboración e actualización do inventario do centro.

2. Os xefes dos departamentos de familia profesional terán, ademais das especificadas no apartado anterior, as seguintes competencias:

- a) Coordina-la programación dos ciclos formativos.
- b) Colaborar co xefe ou xefa de estudos e cos departamentos correspondentes na planificación da oferta de materias e actividades de iniciación profesional na educación secundaria obrigatoria, e de materias optativas de formación profesional de base no bacharelato.
- c) Colaborar, se é o caso, co xefe ou xefa do departamento de formación en centros de traballo e cos titores dos ciclos formativos ou programas de garantía social no fomento das relacións cos centros de traballo que participen na formación práctica dos alumnos e alumnas.

Artigo 76º

1. O xefe ou xefa de departamento finalizará as súas funcións ó remate do seu mandato ou ó producirse algunha das circunstancias seguintes:

a) Traslado temporal ou definitivo, voluntario ou forzoso, pase a situación de servicios especiais, xubilación, excedencia voluntaria ou forzosa.

b) Cesamento polo delegado provincial da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, de oficio ou por proposta do director ou directora, a causa de incumprimento grave de funcións, oído, se é o caso, o director ou directora, o departamento e o propio interesado.

c) Renuncia motivada e aceptada polo director ou directora.

2. Cando finalice ou sexa cesado nas súas funcións o xefe ou xefa de departamento por calquera causa das enumeradas neste artigo, o director ou directora do instituto procederá a designa-lo novo xefe ou xefa de departamento, de acordo co establecido no artigo 74 deste regulamento.

Capítulo V Comisión de coordinación pedagóxica

Artigo 77º

1. Nos institutos de educación secundaria existirá unha comisión de coordinación pedagóxica, que estará integrada polo director ou directora, que será o seu presidente, o xefe ou xefa de estudos e, se é o caso, o xefe ou xefa de estudos de nocturno, os xefes de departamento, o coordinador do equipo de normalización lingüística, o profesor ou profesora de apoio a alumnos e alumnas con necesidades educativas especiais e, de se-lo caso, o coordinador de formación en centros de traballo; actuará como secretario un membro da comisión, designado polo director ou directora, oídos os restantes membros.

2. A comisión de coordinación pedagóxica terá, en relación co réxime de funcionamento regulado no título IV deste regulamento, as seguintes competencias:

a) Elevar propostas ó claustro co fin de establece-los criterios para a elaboración dos proxectos curriculares.

b) Velar para que a elaboración dos proxectos curriculares de etapa nos que se incluírá o plano de orientación académica e profesional e o plano de acción tutorial se realice conforme os criterios establecidos polo claustro.

c) Asegura-la coherencia entre o proxecto educativo do instituto, os proxectos curriculares de etapa e a programación xeral anual.

d) Establece-las directrices xerais para a elaboración das programacións didácticas dos departamentos, do plano de orientación académica e profesional, do plano de acción tutorial, así como das adaptacións curriculares e dos programas de diversificación curricular e de garantía social, incluídos no proxecto curricular.

e) Propoñer ó claustro de profesores os proxectos curriculares para a

súa aprobación.

f) Velar polo cumprimento e posterior avaliación dos proxectos curriculares de etapa.

g) Propoñer ó claustro a planificación xeral das sesións de avaliación e cualificación e o calendario de exames ou probas extraordinarias, de acordo coa xefatura de estudos.

h) Canaliza-las necesidades de formación continuada do profesorado cara ó Centro de Formación Continua do Profesorado.

i) Propoñerlle ó director ou directora os profesores titores que han formar parte do departamento de orientación.

j) Realizar, de se-lo caso, a proposta ó xefe ou xefa de estudos co fin de que se designe o responsable do departamento de actividades complementarias e extraescolares.

k) Propoñe-los profesores e profesoras que han formar parte do equipo de normalización lingüística.

Capítulo VI

Coordinación de formación en centros de traballo

Artigo 78º

Naqueles centros nos que se impartan dous ou máis grupos de ciclos formativos ou programas de garantía social creárase a figura do coordinador de formación en centros de traballo. De impartirse soamente un grupo asumirá as súas funcións o seu titor ou titora.

Artigo 79º

O coordinador de formación será designado polo director ou directora, preferentemente entre o profesorado técnico de formación profesional ou de tecnoloxía con destino definitivo no centro, por proposta do xefe ou xefa de estudos, oídos os titores con alumnos e alumnas de ciclos formativos ou programas de garantía social.

Artigo 80º

É competencia do coordinador de formación en centros de traballo:

a) Supervisar e dirixi-lo programa de formación en centros de traballo.

b) Encargarse, por delegación do director ou directora, das relacións coas institucións empresariais, laborais, etc., que poidan estar interesadas no programa.

c) Difundi-lo programa a nivel interno e externo.

d) Controlar, supervisar e valora-las actividades levadas a cabo polos titores dos ciclos formativos e programas de garantía social, convocando, polo

menos, unha reunión mensual con eles.

e) Aqueloutras funcións que a Consellería de Educación estableza na súa normativa específica.

Artigo 81º

1. O mandato do coordinador será de catro anos, renovables, se é o caso, e cesará nas súas funcións ó final dos mesmos ou cando se dea algunha das causas contempladas no artigo 76º.

2. Cando se produza o cesamento antes do final do mandato, o director ou directora procederá a nomear novo coordinador de formación en centros de traballo.

Capítulo VII Equipo de normalización lingüística

Artigo 82º

1. Para potencia-lo uso da lingua galega constituirase nos centros un equipo de normalización lingüística, constituído por:

a) Tres profesores, por proposta da comisión de coordinación pedagóxica.

b) Tres alumnos, por proposta da xunta de delegados.

c) Un membro do persoal non docente, por proposta dos mesmos.

2. Os membros do equipo serán nomeados polo director ou directora.

Artigo 83º

É competencia do equipo de normalización lingüística:

1. Presentar a través do claustro, propostas ó equipo directivo para a fixación dos obxectivos de normalización lingüística que se incluírán no proxecto educativo de centro.

2. Propoñer á comisión de coordinación pedagóxica, para a súa inclusión no proxecto curricular, o plano xeral para o uso do idioma, no cal se deberá especificar, cando menos:

a) Medidas para potencia-lo uso da lingua galega nas actividades do centro.

b) Proxectos tendentes a lograr unha valoración positiva do uso da lingua propia e a mellora-la competencia lingüística dos membros da comunidade educativa.

3. Propoñer á comisión de coordinación pedagóxica, para a súa inclusión no proxecto curricular, o plano específico para potencia-la presenza da realidade galega, cultura, historia, xeografía, economía, etnografía, lingua, literatura, arte, folclore, etc. no ensino.

4. Elaborar e dinamizar un plano anual de actividades tendentes á consecución dos obxectivos incluídos nos planos anteriores.

5. Presentar para a súa aprobación no Consello Escolar o orzamento de investimento dos recursos económicos dispoñibles para estes fins.

6. Aqueloutras funcións que a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria establece na súa normativa específica.

Artigo 84º

A coordinación do equipo será desempeñada por un profesor ou profesora do mesmo, preferentemente con destino definitivo no centro.

Artigo 85º

O coordinador, que será nomeado polo director ou directora por proposta dos compoñentes do equipo, desempeñará as súas funcións durante catro anos, renovables, se é o caso, e cesará ó final dos mesmos ou cando se dea algunha das causas contempladas no artigo 76º.

Artigo 86º

Cando cese o coordinador do equipo de normalización lingüística antes de finaliza-lo prazo para o que foi designado, o director ou directora nomeará de acordo co procedemento sinalado no artigo 85º un profesor ou profesora para o tempo que resta de mandato.

Artigo 87º

Son competencia do coordinador:

- a) Colaborar na elaboración dos proxectos curriculares de etapa.
- b) Responsabilizarse da redacción dos planos que serán propostos á comisión de coordinación pedagóxica.
- c) Convocar e presidi-las reunións do equipo.
- d) Responsabilizarse da redacción das actas de reunión, así como da redacción da memoria final de curso, na que se fará unha avaliación das actividades realizadas que se incluírá na memoria do centro.
- e) Proporcionarlles ós membros da comunidade educativa información sobre as actividades do equipo e de todos aqueles actos e institucións culturais relacionados coa realidade galega.

TÍTULO IV

Réxime de funcionamento
Capítulo I

Proxecto educativo do instituto

Artigo 88º

Os centros disporán de autonomía para defini-lo modelo de xestión organizativa e pedagóxica, que deberá concretarse no proxecto educativo de centro, proxectos curriculares e normas de funcionamento.

Artigo 89º

1. O equipo directivo elaborará o proxecto educativo do instituto de acordo cos criterios establecidos polo Consello Escolar e as propostas realizadas polo claustro e a Xunta de delegados de alumnos.

2. O proxecto educativo do instituto será aprobado e avaliado polo Consello Escolar.

3. O equipo directivo procurará amosa-lo proxecto educativo do centro de maneira que permita un mellor coñecemento do mesmo cara a orienta-los alumnos e alumnas e os seus pais, e favorecer, deste xeito, unha maior identificación e implicación do conxunto da comunidade educativa.

Artigo 90º

Partindo da análise das necesidades educativas específicas dos alumnos e alumnas, das características do contorno escolar e das do instituto, o proxecto educativo fixará obxectivos, prioridades e procedementos de actuación, e incluírá:

a) A organización xeral do instituto, que se orientará á consecución dos fins establecidos no artigo 1º da Lei orgánica de ordenación xeral do sistema educativo e ó cumprimento dos principios establecidos no artigo 2º da mencionada lei.

b) Os fins e as intencións educativas do instituto de acordo coa identidade propia do centro.

c) Os obxectivos do instituto tendentes a logra-la normalización lingüística, de acordo co Decreto 247/1995, do 14 de setembro, polo que se desenvolve a Lei 3/1983, de normalización lingüística, para a súa aplicación ó ensino en lingua galega nas ensinanzas de réxime xeral impartidas nos diferentes niveis non universitarios.

d) A adecuación ó contexto do instituto dos obxectivos xerais das etapas que se imparten no mesmo e que deberán desenvolverse no proxecto curricular.

e) O regulamento de réxime interior do instituto.

f) A oferta do centro en canto a itinerarios educativos, optativas e actividades e servizos.

g) As formas de colaboración e participación entre os distintos sectores

da comunidade educativa.

h) As formas de colaboración e intercambio cultural cos servizos sociais e educativos do concello e outras institucións.

Artigo 91º

A inspección educativa supervisará o proxecto educativo para comproba-la adecuación ó establecido nas disposicións vixentes, formulará as suxestións que coide oportunas e indicará as correccións que procedan.

Capítulo II

Proxecto curricular de etapa

Artigo 92º

A comisión de coordinación pedagóxica supervisará a elaboración e responsabilizarase da redacción do proxecto curricular para cada unha das etapas educativas que se impartan no instituto, de acordo co currículo oficial e os criterios establecidos polo claustro. No proceso de reflexión e discusión, a comisión de coordinación pedagóxica promoverá e garantirá a participación de tódolos profesores e profesoras e solicitará os apoios necesarios dos órganos existentes para o efecto dependentes da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.

Artigo 93º

Os proxectos curriculares de etapa e as súas modificacións anuais serán aprobados polo claustro de profesores.

Artigo 94º

Os proxectos curriculares de etapa incluirán:

1. As directrices xerais e as decisións seguintes:

a) A adecuación dos obxectivos xerais da educación secundaria obrigatoria, do bacharelato e da formación profesional específica ó contexto socioeconómico e cultural do instituto, e ás características dos alumnos e alumnas, tendo en conta o establecido no proxecto educativo do instituto.

b) Criterios de carácter xeral sobre metodoloxía.

c) Os procedementos para avalia-la progresión na aprendizaxe do alumnado e os criterios e promoción de ciclo ou curso.

d) Orientacións para incorporar, a través das distintas áreas da educación secundaria obrigatoria, a educación moral e cívica, a educación para a paz, a igualdade de oportunidades entre os sexos, a educación ambiental, sexual, para a saúde, a educación do consumidor e a vial.

e) Criterios e procedementos previstos para organiza-la atención á diversidade dos alumnos e alumnas. Cando existan alumnos e alumnas con

necesidades educativas especiais incluíranse os criterios para realiza-las adaptacións curriculares apropiadas para estes alumnos e alumnas.

f) Criterios para avaliar e, se é o caso, revisa-los procesos de ensino e a práctica docente dos profesores e profesoras.

g) Criterios sobre organización dos contidos das distintas áreas ou materias para favorece-lo seu tratamento interdisciplinar .

h) As características e o tipo de informes ás familias que se utilizarán para transmiti-la información que se desprende da avaliación.

2. O plano de orientación académica e profesional e o plano de acción tutorial. ,

3. As programacións didácticas dos departamentos, reguladas no artigos 95º, 96º e 97º deste regulamento.

Artigo 95º

Cada departamento elaborará a programación didáctica das ensinanzas que ten encomendadas, agrupadas nas etapas correspondentes, seguindo as directrices xerais establecidas pola comisión de coordinación pedagóxica.

Artigo 96º

A programación didáctica dos departamentos incluírá, necesariamente, os seguintes aspectos para cada unha das áreas, materias e módulos asignados ou integrados nel, como consecuencia do establecido no artigo 72º deste regulamento:

a) No caso da educación secundaria obrigatoria, os obxectivos, os contidos e os criterios de avaliación para o primeiro ciclo e para cada un dos cursos do segundo ciclo, con especial referencia ós mínimos esixibles.

b) No caso do bacharelato e dos ciclos formativos, os obxectivos, os contidos e os criterios de avaliación para cada curso, con especial referencia ós mínimos esixibles.

c) A metodoloxía didáctica que se vai aplicar.

d) Os procedementos de avaliación da aprendizaxe dos alumnos e alumnas.

e) As actividades de recuperación para os alumnos e alumnas de bacharelato e ciclos formativos con materias ou módulos pendentes e os reforzos para logra-la devandita recuperación.

f) Os materiais e recursos didácticos que se vaian utilizar, incluídos os libros para uso dos alumnos e alumnas.

g) A programación correspondente ós temas transversais.

h) As actividades complementarias e extraescolares que se pretenden realizar desde o departamento.

i) As medidas de atención á diversidade, se é o caso, as adaptacións curriculares para os alumnos e alumnas que as precisen.

Artigo 97º

Os profesores e profesoras programarán a súa actividade docente de acordo coas programacións didácticas dos departamentos ós que pertencen, incluídas no correspondente proxecto curricular de etapa. No caso de que algún profesor ou profesora decida incluír na programación da súa actividade docente algunha variación con respecto á programación conxunta do departamento, esta variación, e a xustificación correspondente, incluírase na programación deste, sempre que así o acorde o departamento ou, en último caso, a comisión de coordinación pedagóxica.

Artigo 98º

A inspección educativa supervisará o proxecto curricular para comprobar a adecuación ó establecido nas disposicións vixentes, formulará as suxestións que coide oportunas e indicará as correccións que procedan.

Capítulo III Regulamento de réxime interior

Artigo 99º

O regulamento de réxime interior será elaborado polo equipo directivo e aprobado polo Consello Escolar. Incorporarase ó proxecto educativo de centro.

Artigo 100º

Deberá concretar, tendo en conta os recursos e características propias do centro, entre outros, os seguintes aspectos:

- a) A organización práctica da participación de tódolos membros da comunidade educativa.
- b) Normas de convivencia que favorezan as relacións entre os distintos membros da comunidade educativa.
- c) Canles de coordinación entre os órganos de goberno e xefes de departamento, titores, equipo de normalización lingüística, coordinador de formación en centros de traballo, etc.
- d) Organización e reparto de responsabilidades non definidas na normativa vixente.
- e) Organización dos espazos e instalacións do instituto. Normas para o correcto uso.
- f) Funcionamento dos servizos educativos do centro.

Artigo 101º

A inspección educativa supervisará o regulamento de réxime interior para comproba-la súa adecuación ó establecido nas disposicións vixentes, formulará as suxestións que coide oportunas e indicará as correccións que procedan.

Capítulo IV Programación xeral anual

Artigo 102°

1. A programación xeral anual será elaborada polo equipo directivo do instituto e terá en conta as propostas do claustro e as directrices do Consello Escolar.

2. Os distintos sectores da comunidade educativa, a través das súas organizacións ou individualmente, poderanlle presenta-las propostas que coiden convenientes ó equipo directivo para a programación xeral anual.

Artigo 103°

A programación xeral anual será informada polo claustro de profesores no ámbito da súa competencia e elevada, para a súa aprobación posterior, ó Consello Escolar do instituto, que respectará, en todo caso, os aspectos docentes que competen ó claustro.

Artigo 104°

1. A programación xeral anual incluírá os seguintes documentos:

a) Obxectivos específicos que o centro se propón conseguir no curso académico, medidas que se van desenvolver para a súa consecución e recursos previstos para o efecto.

b) Horario xeral do instituto e criterios pedagóxicos para a súa elaboración.

c) Programa anual de actividades complementarias e extraescolares.

d) Documento de organización do centro, que incluírá a estrutura orgánica do instituto, a estatística de principio de curso e a situación das instalacións e do equipamento.

e) Programa anual de formación do profesorado e organización dos servizos complementarios, se e o caso.

2. Incluíranse como anexo á programación anual o proxecto educativo e os proxectos curriculares de etapa do instituto e, de se-lo caso, as

modificacións posteriores. De non sufrir modificación, non se incluírán de novo, facendo a observación de que seguen vixentes.

Artigo 105°

Unha vez aprobada a programación xeral anual, un exemplar desta quedará na secretaría do centro a disposición dos membros da comunidade educativa e outro remitirase ó servizo provincial de inspección educativa.

Artigo 106°

A inspección educativa supervisará a programación xeral anual para comproba-la súa adecuación ó establecido nas disposicións vixentes e no proxecto educativo de centro, formulará as suxestións que estime oportunas e indicará as correccións que procedan.

TÍTULO V Xunta de delegados de alumnos

Artigo 107°

Nos institutos de educación secundaria existirá unha xunta de delegados integrada polos representantes dos alumnos e alumnas dos distintos grupos e polos representantes dos alumnos no Consello Escolar.

Artigo 108°

A xunta de delegados estará presidida por un dos seus membros elixido entre os seus compoñentes.

Artigo 109°

É competencia do delegado que preside a xunta:

- a) Convoca-las reunións que se precisen.
- b) Presidi-las reunións e coordina-las mesmas.
- c) Responsabilizarse de que se levante acta das reunións.

d) Facer chega-las propostas da xunta de delegados ós distintos órganos de dirección ou de coordinación didáctica do centro.

Artigo 110°

A xunta de delegados poderá reunirse en pleno ou, cando a natureza dos problemas o faga máis conveniente, en comisións que reúnan os delegados dun curso ou dunha das etapas educativas que se impartan no instituto, logo do coñecemento do director ou directora e sen que isto implique alteración no normal desenvolvemento das actividades docentes.

Artigo 111º

1. Cada grupo de alumnos elixirá, por sufraxio directo, secreto e non delegable durante o primeiro mes do curso escolar, un delegado de grupo, que formará parte da xunta de delegados. Elixirase tamén un subdelegado, que substituirá o delegado en caso de ausencia ou enfermidade e apoiarao nas súas funcións.

2. As eleccións de delegados e subdelegados, así como a do delegado que presidirá a xunta de delegados, serán convocadas polo xefe ou xefa de estudos, e organizadas por este en colaboración cos titores dos grupos e os representantes dos alumnos e alumnas no Consello Escolar .

3. A designación dos delegados, subdelegados e delegado presidente da xunta de delegados poderá ser revogada, logo do informe razoado dirixido ó titor ou titora, pola maioría absoluta dos alumnos do grupo que os elixiron. Neste caso, procederase a convocatoria de novas eleccións nun prazo de quince días e de acordo co establecido no apartado anterior.

Artigo 112º

A xunta de delegados terá as seguintes funcións:

a) Elevar ó equipo directivo propostas para a elaboración do proxecto educativo do instituto por iniciativa propia ou por petición daquel.

b) Informar ós representantes dos alumnos e alumnas no Consello Escolar dos problemas de cada grupo ou curso.

c) Recibir información dos representantes dos alumnos e alumnas no Consello Escolar sobre os temas tratados nel, e das confederacións, federacións estudiantís e organizacións xuvenís legalmente constituídas.

d) Elaborar informes para o Consello Escolar por iniciativa propia ou por petición deste.

e) Elaborar propostas de modificación do regulamento de réxime interior, dentro do ámbito da súa competencia.

f) Informar ós alumnos e alumnas do centro das actividades da xunta de delegados.

g) Formular propostas ó xefe ou xefa de estudos para a elaboración dos horarios e ó xefe ou xefa do departamento de actividades complementarias e extraescolares para a organización das mesmas.

h) Debate-los asuntos que vaia trata-lo Consello Escolar no ámbito da súa competencia e elevar propostas de resolución ós seus representantes nel.

Artigo 113º

Cando o solicite, a xunta de delegados, en pleno ou en comisión, deberá ser oída polos órganos de goberno do instituto, nos asuntos que, pola súa índole, requiran a súa audiencia e, especialmente, no que se refire a:

a) Celebración de probas e exames.

b) Establecemento e desenvolvemento de actividades culturais e

deportivas no instituto.

c) Presentación de alegacións e reclamacións nos casos de abandono ou incumprimento das tarefas educativas por parte dalgún membro do equipo docente do instituto.

d) Alegacións e reclamacións sobre a obxectividade e eficacia na valoración do rendemento académico dos alumnos e alumnas.

e) Proposta de sancións ós alumnos e alumnas pola comisión de faltas que leven aparelada a incoación de expediente.

f) Libros e material didáctico que sexa obrigatorio utilizar no instituto.

g) Outras actuacións e decisións que afecten de modo específico ós alumnos e alumnas.

Artigo 114°

Corresponde ós delegados de grupo:

a) Asistir ás reunións da xunta de delegados e participar nas súas deliberacións.

b) Expoñer ás autoridades académicas as suxestións e reclamacións do grupo ó que representan.

c) Fomenta-la convivencia entre os alumnos e alumnas do seu grupo.

d) Colaborar cos profesores e profesoras e co equipo directivo do instituto para o seu bo funcionamento.

e) Coidar da adecuada utilización do material e das instalacións do instituto.

Artigo 115°

1. Os delegados non poderán ser sancionados polo exercicio das súas funcións como voceiros dos alumnos e alumnas, nos termos da normativa vixente.

2. O xefe ou xefa de estudos facilitará á xunta de delegados un espacio adecuado para que poida celebra-las súas reunións.

TÍTULO VI

Réxime económico do instituto

Artigo 116°

Os institutos de educación secundaria disporán de autonomía na súa xestión económica no marco establecido na normativa vixente.

Artigo 117º

1. Sen prexuízo de que tódolos centros reciban os recursos económicos necesarios para cumprir os seus obxectivos con criterios de calidade os centros poderán obter recursos complementarios. Estes recursos deberán ser aplicados ós seus gastos de funcionamento e non poderán proceder das actividades desenvolvidas polas asociacións de pais e de alumnos no cumprimento dos seus fins.

2. Os institutos poderán ademais recibir aportacións voluntarias dos pais e nais de alumnos ou outras institucións, de acordo co establecido na lexislación vixente.

Artigo 118º

A comisión económica, logo da aprobación no Consello Escolar, deberá presentar para a súa autorización polo delegado provincial da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria o plano de accións encamiñadas á obtención dos recursos complementarios ós que se refire o artigo anterior.

Artigo 119º

1. A Consellería de Educación e Ordenación Universitaria poderá delegar nos órganos de goberno dos centros a adquisición de bens, contratación de obras, servizos e subministracións, cos límites que na normativa correspondente se establezan.

2. A Consellería de Educación e Ordenación Universitaria poderá delegar nos órganos de goberno dos centros as competencias que esta determine, responsabilizando ós directores da xestión dos recursos materiais, postos a disposición do centro.

3. O exercicio da autonomía dos centros para administrar estes recursos estará sometido ás disposicións que regulan o proceso de contratación, realización e xustificación do gasto para as Administracións educativas.

TÍTULO VII

Asociacións de pais de alumnos e asociacións de alumnos

Artigo 120º

1. Nos institutos de educación secundaria poderán existir, de acordo coa lexislación vixente, as asociacións de pais de alumnos e as asociacións de alumnos.

2. Estas asociacións poderán:

a) Elevar propostas ó Consello Escolar para a elaboración do proxecto

educativo e ó equipo directivo para a elaboración da programación xeral anual.

b) Informar ó Consello Escolar daqueles aspectos da marcha do instituto que consideren oportuno.

c) Informar ós asociados da súa actividade.

d) Recibir información, a través dos seus representantes no Consello Escolar, sobre os temas tratados nel.

e) Elaborar informes para o Consello Escolar por iniciativa propia ou por petición deste.

f) Elaborar propostas de modificación do regulamento de réxime interior.

g) Formular propostas para a realización de actividades complementarias que, unha vez aceptadas, deberán figurar na programación xeral anual.

h) Coñece-los resultados académicos referidos ó centro e a valoración que deles realice o Consello Escolar.

i) Recibir un exemplar da programación xeral anual, do proxecto educativo, dos proxectos curriculares de etapa e das súas modificacións.

j) Recibir información sobre os libros de texto e os materiais didácticos adoptados polo centro.

k) Fomenta-la colaboración entre tódolos membros da comunidade educativa.

l) Facer uso das instalacións do centro nos termos que estableza o Consello Escolar e a lexislación vixente.

Disposicións transitorias

Primeira.

1. Sen prexuízo do disposto no artigo 1º deste regulamento, nos institutos nos que se estea a impartir bacharelato unificado e polivalente, curso de orientación universitaria e formación profesional seguirán impartíndose estas ensinanzas ata a súa extinción, conforme ó disposto no calendario de aplicación da nova ordenación do sistema educativo.

2. Os consellos escolares e os órganos unipersoais de goberno elixidos con anterioridade á entrada en vigor deste regulamento orgánico de institutos de educación secundaria continuarán desempeñando as súas funcións ata o remate do prazo para o que foron elixidos.

Segunda.

1. Provisionalmente, durante o tempo que a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria determine, os colexios de educación primaria poderán impartir-lo primeiro ciclo da educación secundaria obrigatoria. A fin de garanti-la

adecuada coordinación docente destes estudos, estes colexios serán adscritos pola Consellería de Educación e Ordenación Universitaria a un instituto de educación secundaria e terán a consideración de extensión dos mesmos cando se localicen na mesma localidade.

2. Os mestres, os alumnos e alumnas e os pais e nais dos alumnos deste ciclo educativo integraranse no colexio de educación primaria e formarán parte, segundo corresponda, de tódolos órganos de goberno e de coordinación docente, e asumirán tódolos dereitos e obrigas que, como membros da devandita comunidade educativa, lles son aplicables.

3. A fin de garanti-la continuidade da etapa, os departamentos didácticos do instituto de educación secundaria conxuntamente co profesorado afectado do colexio ou colexios de educación primaria elaborarán as distintas programacións didácticas de acordo co proxecto curricular de etapa. Para tal efecto, os mestres do colexio de educación primaria responsables das distintas áreas incorporaranse ós departamentos do instituto de secundaria que corresponda e asistirán ás reunións do departamento para participar na elaboración, aprobación e avaliación do proxecto curricular desta etapa. Estas reunións celebraranse en hora que permita a asistencia de tódolos profesores e profesoras afectados.

4. Nos colexios de educación primaria que se transforman progresivamente en institutos de educación secundaria, mentres se escolaricen neles alumnos de educación primaria, o profesorado, o alumnado e os pais e nais ou titores legais dos alumnos desta etapa educativa integraranse no centro e formarán parte, segundo corresponda, de tódolos órganos de goberno e de coordinación docente asumindo tódolos dereitos e obrigas que, como membros de dita comunidade educativa, lles son aplicables.

Terceira.

1. O disposto neste regulamento aplicarase nos institutos de bacharelato, nos de formación profesional, nos institutos de educación secundaria e institutos de educación secundaria e profesional desde o momento no que se implante neles calquera das novas ensinanzas previstas na Lei orgánica de ordenación xeral do sistema educativo, incluso cando a implantación se realice anticipadamente segundo o establecido no calendario de aplicación da nova ordenación das ditas ensinanzas. A partir dese momento, estes institutos pasarán a denominarse institutos de educación secundaria.

2. Nos institutos que non impartan ningunha das novas ensinanzas establecidas na citada lei aplicarase desde a entrada en vigor deste regulamento o establecido nos títulos I, II, V, VI e VII deste regulamento, sen prexuízo do establecido no apartado 2 da disposición transitoria primeira.

Cuarta.

Na primeira renovación parcial do Consello Escolar contemplada no

artigo 55° do Decreto 92/1988, do 28 de abril, e no artigo 40° deste regulamento orgánico continuarán no Consello Escolar os profesores e profesoras e alumnos e alumnas que manteñan a súa vinculación ó centro nos próximos dous anos; no seu defecto os que soamente a prolonguen un curso,

De seren varios os profesores ou alumnos que reúnen estas condicións valoraranse como criterios para permanecer no Consello Escolar:

- a) Maior número de votos alcanzado no último proceso electoral.
- b) Maior antigüidade no centro.
- c) Maior idade.

Quinta.

Os novos postos que se determinan no regulamento orgánico de institutos de educación secundaria aprobado por este decreto, iranse cubrindo progresivamente a medida que o permitan as disponibilidades orzamentarias.